

SINDICATOS E COENXÍAS. O REPARTO DE PODER NA UVIGO

O pasado 16 de maio unha das partes da CIG chamada CIG-Funcionarios enviou un comunicado á rede pedindo o voto e o apoio maioritario para o candidato Xosé Luis Legido Soto, en base a que este “comprometeuse firmemente” con esta CIG a cumprir unhas “liñas de actuación”.

Chámannos a atención neste comunicado varias cuestións:

Ata agora pediuse o voto para un candidato determinado en base a compromisos firmes, cuns prazos perfectamente definidos condicionando o apoio ao seu cumprimento. E sempre foron as persoas que se presentaban a Claustro as que o pediron nunca os sindicatos. Agora, nesta calculada cerimonia da confusión, que nos impide saber se quen fala o fai en nome da CIG (nas súas distintas faccións), da Xunta de Persoal, do Buxo ou do aturuxo, pídesenos o voto en base a unhas “liñas de actuación” do tipo Impulsar..., negociar..., acadar..., promover..., potenciar..., dinamizar..., etc.

E así, namentres a parte de “logros” (?) para o colectivo é vaga e indefinida, tanto no contido coma no tempo, a parte dos “logros” persoais dalgún mal chamado sindicalista está meridianamente clara: unha vicexerencia para un da CIG e outra para un da UXT. ¿Onde están os principios de mérito e capacidade? O mero feito de ser dun destes sindicatos é mérito suficiente?. É ben certo que algún leva tempo traballando arreo para acadar este quiñón.

No reparto de coenxías, á vicexerencia de persoal, seica lle tocou a un da CIG. Para máis datos un que leva anos botando pestes contra a calidade, que asina un acordo para aumentar as retribucións a cambio de comprometerse coa calidade e despois públicamente, tanto na rede coma nas asembleas vanagloriase, el e os seu, de non ter intención de cumprir a súa parte do trato. Ao mellor o afortunado é ese homiño que se dedica á literatura misóxina, groseira e insultante, este sectario que ven buscando a división do colectivo con enfrontamentos ficticios: PAS-PDI, logo PAS funcionario-PAS laboral, PAS funcionario de niveis 22 para arriba-PAS funcionario de niveis 21 para abaixo, PAS recorrente-PAS non recorrente,... para ao final quedar eles coma salvadores de non se sabe que patria (probablemente, a do seu bolsillo). Algún deses que leva mentindo contra CC.OO. meses e meses, a sabendas de que menten.

A outra coenxía, a vicexerencia económica, tocoulle aos mudíños, os que consenten e miran para outro lado coa esperanza de que *“a río revolto ganancia de pescadores”*. Estes tamén levan premio, polo seu labor calado, nunca mellor dito.

Do escrito dedúcese tamén que o mero feito de que un deles vaia ocupar unha vicexerencia é garantía máis que suficiente de acordos beneficiosos para o PAS (estes sempre salvando vidas, fundamentalmente as súas).

CC.OO. como xa manifestamos nun comunicado anterior deixamos claro, desde o principio, que non íamos apoiar como sindicato a ningún candidato xa que non

queríamos hipotecar a nosa independencia para mellor defender aos traballadores e traballadoras desta Universidade. Polo tanto, para nós non hai ofrecemento, pero é ben certo que tampouco deixamos ningunha porta aberta a ese tipo de componendas. Se algunha persoa do noso sindicato ocupara un cargo de alta responsabilidade e libre elección na nosa institución poderedes estar ben certos que sería por méritos e capacidade propios, non polo feito de pertencer a CC.OO.

A destacar tamén a actitude do candidato Sr. Xosé Luis Legido Soto. ¿Qué clase de Xerente cabe esperar dun equipo que primeiro reparte as vicexerencias a cambio dun puñado de votos sen consultarlle, e despois o invita a executar a súa política con eses condicionantes, tanto no eido persoal coma no político? Sen dúbida, un Xerente que cobre e que quente a cadeira. Para nós as vicexerencias son instrumentos fundamentais no desenvolvemento das políticas de xestión referentes á administración e os servizos, e non se lle pode impor semellante hipoteca a ninguén que queira vir a levar a cabo un auténtico plan estratéxico deseñado a medio ou longo prazo. Poñer as vicexerencias nas mans de quen esnaquizou calquera intento de implantar unha política de calidade na xestión e provocou o enfrontamento e a división sectarias desde hai meses, ten delito.

Aínda non sabemos tampouco as funcións e obxectivos destas vicexerencias, pero parece ser o de menos. O único importante, o que se acordou (*trapicheou*) é que as ocupen un da CIG e outro da UGT.

Se xa empezamos dando prazas tan importantes en función dos apoios políticos, ¿que tipo de discriminacións podemos esperar na negociación de concursos, promocións internas e RPT's? ¿Onde están os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade? ¿Van ser estes vicexerentes os que os fagan respectar?

Con este intento desesperado de conseguir votos o candidato mostra a súa desesperación e sitúase, no eido do PAS, como perdedor. Tampouco se sabe qué votos está conseguindo, xa que a facción laboral e a facción PDI non votan o mesmo que a facción funcionarios e, dentro destes, temos unha serie de subgrupos que tampouco parecen dispostos, por sorte, a acatar este tipo de componendas de marcado carácter electoralista, pero con claros beneficiarios persoais cuxos nomes e apelidos están, a día de hoxe, en boca de todos.

Aqueles que aproveitan a súa posición como representantes dun colectivo para acadar beneficios económicos e/ou profesionais teñen un nome: TREPAS.

Os sindicatos que se prestan a estas componendas tamén teñen un nome: SINDICATO AMARELO.

Tampouco queda en bo lugar o que llo consinte e se deixa enredar por eles. Demostra non ter suficientes coñecementos da situación actual do PAS, ou ben, estar en mans de grupos de presión que non os teñen pero actúan como se os tiveran.

Por todo o exposto dende CC OO reclamamos un pacto entre a universidade e os sindicatos que permita elaborar un plan estratéxico para a administración e os servizos universitarios de xeito que nun período de catro anos podamos estar á altura dunha administración moderna e eficaz, no contexto do EEES e da e-administración.